



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

BANDO

Francisco Charlín Oróns, alcalde do Concello de Laxe (A Coruña).

Poño en coñecemento da veciñanza que:

Con data 16 de abril de 2024 convocáronse as ELECCIÓNS Ó PARLAMENTO EUROPEO que terán lugar o 9 de xuño de 2024.

Faise público que nas oficinas xerais deste concello estará **exposto ó público o CENSO ELECTORAL correspondente a este concello** (en aplicación informática) para que as persoas interesadas o consulten, **dende 22 ó 29 de abril de 2024, ámbolos dous inclusive, en horario de 09:00 h a 13:30 h** e realicen as reclamacións oportunas, para o que deberán presentar calquera destes documentos:

Para electores españois: DNI, pasaporte ou permiso de conducir.

Para os cidadáns da Unión Europea: pasaporte, documento de identidade do seu país de orixe ou tarxeta de residencia.

As consultas deberán ser formuladas polas propias persoas interesadas, previa identificación.

É importante que se comproben os datos no dito censo, sobre todo para aquelas persoas que recentemente cumpriron os 18 anos e as que cambiaron de enderezo recentemente.

Para maior información, existen os seguintes número de teléfono de consulta da Delegación Provincial da Oficina do Censo Electoral:

(gratuíto) 900 343 232

981 217 439

Laxe, *documento asinado dixitalmente, na data sinalada á marxe*